

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL RIBADUMIA

Subvencións

CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA O ANO 2017 A ASOCIACIÓNS E ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO, QUE DESENVOLVAN ACCIÓNS NO CONCELLO DE RIBADUMIA

Téndose acordado polo Pleno Municipal en sesión ordinaria celebrada con data 03 de marzo de 2016, a aprobación das bases e criterios de distribución para a concesión de Subvencións Municipais a Asociacións e Entidades sen ánimo de lucro que desenvolvan accións no Concello de Ribadumia, publicadas no BOP nº98 de 24/05/2016, procedese a convocatoria de devanditas axudas para o ano 2017.

Poderán ser beneficiarios as asociacións, clubs e fundacións validamente constituídas sen fin de lucro que teñan o seu domicilio ne Ribadumia e realicen actividades de interese municipal, se atopen inscritas no correspondente rexistro municipal e cumpran os demais requisitos establecidos na base 2ª.

As actividades subvencionables serán desenvolvidas en materias de cultura e formación, deportes, acción social, comercio e actividades sectoriais, segundo o establecido na base 3ª.

As solicitudes, coa documentación establecida na base 6ª, poderán presentarse no Rexistro Xeral do Concello, ou en calquera das formas previstas no art. 38.4 da lei 30/92 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, durante o prazo de sesenta días naturais seguintes, contados a partires da publicación do presente anuncio.

Ribadumia, 17 de xaneiro de 2017.—O Alcalde Presidente, David J. Castro Mougán.

